



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
González Álvarez, Dolores
Graña Rodríguez, Ana María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Pena Uris, Gloria M.

Rodríguez Vázquez, Virxilio

DECANOS/DIRECTORES:

García Señorán, María del Mar
Lantarón Caeiro, Eva M^a
Pérez Abellás, Adolfo
Pillado González, Esther
Roca Pardiñas, Javier
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Romo Pérez, Vicente
Rubio Armesto, Belén
Seoane Posse, Elena Celsa
Tellado González, Fernando

PDI-A:

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos
Castro Cerceda M^a Luisa
Costas González Xosé Henrique
González Santamaría Pedro
Llamas Nistal Martín
Meana Martínez Juan Carlos
Pino García, Antonio
Reigosa Roger Manuel Joaquín
Vallejo Pousada Rafael
Vaquero Díaz M^a Beatriz

PDI-B:

González Jorge, Higinio
González Santamaría, Pedro

ESTUDANTES:

PAS:

Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio
Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico A.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Castro Cerceda, M^a Luisa
Costas González, Xosé Enrique
Cuiñas Gómez, Iñigo
Fernández Prieto, Marta
García-Pintos Escuder, Adela
Rivo López, Elena
Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 15 de abril de 2016, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **15 de abril de 2016** ás 10:35 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de marzo de 2016.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de grao para o curso 2016/17.
4. Aprobación, se procede, das normas para a elaboración do POD curso 2016/17.
5. Aprobación, se procede, da declaración de interese do Máster Universitario en Xestión do Desenvolvemento Sostible.
6. Aprobación, se procede, de excedencia temporal nas condicións previstas no artigo 17 da Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.
7. Aprobación, se procede, do II Plan de Igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2016/19.
8. Aprobación, se procede, da proposta do Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” ao Dr. Emilio Rolán Mosquera.
9. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado por D. Pedro González Santamaría, Dna. Marta Teijeira Bautista e Dna. Adela Sánchez Moreiras contra os acordos do Consello de Goberno do 12 de febreiro de 2016, referentes á aprobación das normativas de Dedicación do profesorado, de Recoñecemento das actividades docentes do PDI para o curso 2016/17 e dos Criterios de elaboración da programación docente anual para o curso 2016/17.

10. Aprobación, se procede, da concesión dos premios extraordinarios de fin de carreira nas titulacións de Enxeñeiro Técnico Industrial en Electrónica Industrial, Enxeñeiro Técnico Industrial en Electricidade e Enxeñeiro Técnico Industrial en Mecánica ao estudante D. José Luís Martínez Pérez.
11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Fundación Centro de Innovación Aeroespacial de Galicia (CINAE) – Acordo marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Escola Superior de Enfermería de Santa María (Porto - Portugal) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Politécnica de Juventino Rosas (México) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Faculdade da Serra Gaúcha* (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Faculdade da Serra Gaúcha* (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional de San Luis* (Argentina) – Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para levar a cabo, conxuntamente, a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do programa de doutoramento Protección do Patrimonio Cultural.
12. Rogos e preguntas.

O reitor saúda aos asistentes e informa de que o día 8 de abril a Comisión Electoral realizou a proclamación definitiva das candidaturas electas, no proceso electoral no que se renovou a representación do sector de Estudantes ao Claustro Universitario. Como consecuencia, quedan vacantes os postos electos dese sector no Consello de Goberno, segundo establece o artigo 6 do Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno. Dá lectura a continuación aos nomes dos representantes que deixan de pertencer a este órgano:

1. Pedro Alfonso Carbó, E.U. de Estudos Empresariais
2. Adrián Blanco García, Fac. de Bioloxía
3. Rosalía Carrillo Pérez, E.T.S. de Enxeñaría De Minas
4. José Miguel Diéguez Rodríguez, Fac. de CC. Xurídicas e do Traballo
5. Brais Fernández González, Fac. de CC. Xurídicas e do Traballo
6. Luís González Varela, E.S. de Enxeñaría Informática
7. Adrián Martínez Rey, Escola de Enxeñaría Industrial
8. Pablo Pereira Sánchez, Fac. de CC. do Mar

Na vindeira sesión do Claustro Universitario, convocaranse eleccións de representantes de estudantes no Consello de Goberno.

Tamén informa o reitor de que D. Luís González Varela, exrepresentante de alumnos, solicitou ser invitado a participar neste Consello de Goberno, con voz e sen voto. A Secretaría Xeral acordou proceder a dita invitación atendendo á excepcionalidade desta situación e a baixa representación do estudantado, que quedaba limitada ao estudante designado polo reitor, que tampouco pode estar presente nesta sesión.

Igualmente, foi invitada a participar neste Consello a directora da Unidade de Igualdade, dona Anabel González Penín, para facer a presentación do II Plan de Igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2016/19, no punto 7 da orde do día. Tamén foi invitado o profesor D. Armando Caballero, como propoñente do candidato ao Grao de Honoris Causa do punto 8 da orde do día.

Finalizada esta presentación, o reitor dá paso aos puntos da orde do día.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de marzo de 2016.

Non se presentaron alegacións, polo que apróbase a acta por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Comeza o reitor agradecendo os servizos prestados a D. Benito Vazquez Dorrío e a D Patricio Sánchez Bello, que finalizaron os seus mandatos na dirección da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas e a Escola Universitaria de Estudos Empresariais, respectivamente, e felicita a dona Natalia Caparrini e a dona Consuelo Currás, novas directoras electas de ditos centros. Finaliza este apartado, anunciando o nomeamento de D. Alejandro Martínez Gómez como novo director da Área de Emprego e Emprendemento en substitución de dona Adela García-Pintos Escuder.

A continuación pasa a informar do desenvolvemento das dúas iniciativas que a Universidade de Vigo está a levar a cabo no sector aeroespacial.

- Dá conta da primeira sesión ordinaria do padroado da Fundación e o Centro de Innovación aeroespacial (CINAE) do 8 de abril, na que se aprobou o convenio marco entre a Universidade e o CINAE, que establece as liñas básicas da colaboración, que serán desenvolvidas en convenios específicos. Tamén nesa sesión foi acordada a contratación dunha persoa de alto nivel internacional no ámbito aeroespacial europeo como Director Xeral, habéndose iniciado xa as negociacións coa axencia Espacial Europea, para encontrar o procedemento de menor custe para a Universidade. Comenta o reitor os outros postos que definen o cadro directivo: Para a selección do director de proxectos aeronáuticos xa existe un proceso de captación aberto, buscándose un experto con ampla experiencia en enxeñaría aeroespacial pero cun perfil empresarial e comercial. Complétase o cadro cun Director de Proxectos Espaciais. A petición da Fundación, este posto será cuberto polo profesor Fernando Aguado Agelet, coordinador da agrupación aeroespacial mediante a súa adscrición ao centro, desenvolvida a través dun convenio específico.

Prosegue o reitor dando conta da inauguración do Edificio Tecnolóxico Aeroespacial no Porto do Molle, no que se situarán o CINAE e a incubadora de empresas deste ámbito. Hai un acordo de cesión de uso de espazos por parte da Zona Franca, que para o CINAE será gratuíta durante o primeiro ano, e con dous anos máis de carencia ata que non haxa actividade e capacidade de pago. Nese padroado aprobouse a cesión dos espazos iniciais para a ubicación dos equipos de dirección, que se irán ampliando a medida que se empecen a poñer en marcha, servizos, unidades e laboratorios. Nesta liña, informa o reitor, xa foi solicitado un proxecto europeo por 4 M€ que está en proceso de resolución. Na medida en que teñamos éxito nese proxecto, poderá para proceder ás instalacións das unidades, que poderán poñerse en marcha contando cos grupos de investigación da Universidade que manifestaron o seu interese, a través dos correspondentes convenios de adscrición. Será un proceso aberto e progresivo, afirma o reitor.

- A segunda iniciativa, é a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, na que se impartirá o próximo curso o Grao en Enxeñaría Aeroespacial. Comenta o reitor que estamos á espera do informe final da titulación, que agardamos sexa positivo, xa que na inauguración do edificio o propio presidente da Xunta o deu como feito. Unha vez confirmado oficialmente, acelerarase a inscrición non RUCT do centro e o nomeamento de director comisario. Estaba previsto que ese cargo o ocupara un enxeñeiro aeroespacial, e xa se estaba avanzando na súa busca. Este proceso o estaba a realizar o profesor J. Antonio Vilán; diante da súa baixa, solicitouse ao secretario da Xunta de Titulación, o profesor Arno Formella, que actuase nesta etapa como director comisario, para proseguir coa posta en marcha do centro e da titulación.

Prosegue o reitor informando da previsión de sinatura do convenio coa Consellaría de Educación da Xunta de Galicia para a rehabilitación dos edificios do Berbés, para o día 29 deste mes. Engade que a Unidade Técnica xa ten preparado o concurso de proxecto para envialo a publicar no entorno desa data. Iníciase un proceso que se estima dure un ano e medio, aproximadamente, para poder dispoñer das instalacións tras os concursos de proxecto e construción.

En relación cos terreos da ETEA, indica o reitor que se produciron avances claros no desenvolvemento do proceso, que permitirá dotar ao Campus do Mar de infraestruturas destinadas ao emprendemento e ao desenvolvemento de tecnoloxías singulares nos terreos da antiga Escola de Transmisións e Electricidade da Armada. Despois do acordo do Consello da Xunta, para asinar os dous convenios, un deles, entre a Zona Franca e a Universidade no que a Zona Franca fai cesión do uso das instalacións a Universidade de Vigo, similar ao asinado co Consorcio Cascovello para o uso dos edificios do Berbés, está pendente do correspondente informe do noso servizo de Asesoría Xurídica. O outro convenio é o que impulsa a Universidade, e no que a ZF se involucra no Campus do Mar para poder realizar a cesión e poder dispoñer das instalacións. Para poder asinar o convenio entre a Xunta de Galicia e a Zona Franca, está pendente de que se reúna o pleno da Zona Franca, que debe ser convocado polo presidente, o alcalde de Vigo, quen prometeu que a finais de mes realizaría a convocatoria, o que confirmou recentemente en Ourense. Unha vez aprobado polo pleno, acordarase a data para a sinatura dos dous convenios conxuntamente, coas autoridades implicadas, representantes da Xunta de Galicia, Zona Franca e Universidade e o Concello.

O convenio de cesión de uso afecta a dúas parcelas, pero inicialmente as actuacións se centran nunha delas, na que se atopan os edificios Siemens e Faraday. Da rehabilitación do edificio Siemens encargárase a Zona Franca, totalmente, e nel se levarán adiante os proxectos que temos entre a ZF e o Campus do Mar, fundamentalmente o Centro de Evolución Gastronómica de Galicia (no que xa se pediu un proxecto europeo, BROA). Neste centro se logra a maridaxe entre gastronomos de alto nivel de Galicia e os expertos en tecnoloxía de alimentos do Campus do MAR, que xa están a traballar conxuntamente. Tamén se instalará alí un viveiro de empresas vinculadas ao sector do mar, co proxecto Emprendemar. O edificio Faraday, é o que nos corresponde a nós rehabilitar, situarase a sede corporativa do Campus do Mar. Nunha segunda fase, habilitarase a parcela na que se instalarán as unidades de Tecnoloxías avanzadas no eido mariño-marítimo, e temos un acordo coa Xunta de Galicia para poñer en marcha un Plan ambicioso en relación con áreas estratéxicas co Campus do Mar que nos permitirán reforzar das capacidades no ámbito das tecnoloxías singulares, dotándonos de instalacións das que non dispón o Campus, nin o CSIC. Nese grupo de traballo participará o Instituto Español de Oceanografía, cuxas necesidades tamén se cubrirán nesa parcela.

Continúa o reitor informando da decisión tomada pola Xunta de Galicia de rehabilitar o edificio da súa antiga sede na rúa Benito Corbal en Pontevedra, no que está previsto a cesión de 4 Plantas á Universidade de Vigo. Un total de 1700 m² que serán empregados para proxectos vencellados co proxecto de especialización do Campus Crea S2i, incluíndo a sede institucional

do mesmo, así como espazos para o INCUVI e a promoción do emprendemento e espazos de co-working. Tamén poderán desenvolverse actividades de interese común e global para o campus. Este Plan de usos será debatido previamente cos centros, despois tratado no Consello de Campus. Esas propostas serán elevadas ao Consello de Goberno para informar ou para a súa aprobación, de ser necesario. Destaca o reitor a gran vantaxe que supón que a Xunta asumirá os custos da rehabilitación do edificio, de preto de 4M€ logo da solicitude por parte do Concello. Finaliza este punto do seu informe o reitor, indicando que se está a elaborar un Plan que recolla as necesidades específicas da Universidade nese edificio, que serán incorporados ao Plan de rehabilitación, debendo asumir a universidade a parte correspondente aos contidos con que se vaia dotando paulatinamente esas instalacións.

O reitor pasa a informar a continuación dos acordos da Asemblea Xeral da CRUE, do pasado 16 de marzo, que son salientables para as universidades:

Indica que foi aprobado con 64 votos a favor, 2 en contra e 5 abstencións, o acordo de facer vinculante a moratoria, acordada o 2 de febreiro de 2015, de non impartir graos de tres anos de titulacións xa existentes hasta o curso 2017/2018, permitíndose tan só aqueles títulos de tres anos que non estean recollidos no catálogo existente na actualidade. Tamén se delega na comisión permanente da CRUE o análise dos casos dúbidosos. Explica que, cos novos estatutos da CRUE este acordo é vinculante, polo que as universidades que non o cumplan, serán expulsadas. Votaron en contra dúas universidades privada: Unha delas vai respectar o acordo, a pesar de que tiña pensado implantar catro títulos, non os vai poñer en marcha, para acatar o acordo. A outra, a UCAM de Murcia, que presentaba un título de danza, que ao ser novo podería impartirse en tres anos. Pero nos outros, casos como o de “Tradución e Interpretación”, aínda que argumentaron que se refería ao linguaxe de signos, claramente son títulos que existen na actualidade, polo que non poderían ser impartidos. Destaca o reitor que a CRUE tomou unha decisión valente, polo que será aínda máis anecdótico o número das universidades que queren aproveitarse deste criterio 3+2 que se quere derrogar. Pero, prosegue o reitor, aínda que siga a existir, non parece razoable implantalo antes de que se remate o proceso do 4+1 e se avalíe o seu funcionamento, para ter datos concretos do perfil que debería ter cada título, considerando a opinión dos profesionais, para poder basear a decisión posterior e que se aplique a todo o estado.

Un segundo punto que destaca o reitor é a validación do acordo alcanzado coas entidades do Centro Español de Derechos Reprográficos (CEDRO) e Visual Entidad de Gestión de Artistas Plásticos (VEGAP), para a reprodución dixital de obras do repertorio de CEDRO. Comenta o problema grave que estaban tendo algunhas universidades, que se intentou solucionar a través da sinatura dun convenio, que a Universidade de Vigo xa asinou, para que evitar así as denuncias da ESGAE.

Continúa o reitor comentando outra das medidas sorprendentes para as universidades que se produciron nestes días. Explica que, como xa saíra na prensa, as universidades solicitaron ao Ministerio de Educación, Cultura y Deporte unha prórroga das PAU para o curso 2016/17, para dar tranquilidade das familias dos estudantes de 1º e 2º de bacharelato diante da inseguridade á hora de preparar o seu perfil curricular cara a reválida, como proba para a entrada na universidade. Causou sorpresa que se rexeitara esta proposta, a pesar da súa sensatez. Na actualidade estase intentando evitar a 2ª proba de acceso ao sistema universitario, é dicir, que a proba que se deseñe teña as garantías que teñen as PAU, no sentido da participación das universidades para que sexan obxectivas e homoxéneas, e que se realicen coa previsión suficiente para que os centros de ensino secundario poidan organizar a formación de bacharelato. Explica que a sectorial de estudantes está traballando co ministerio para que se definan claramente os procesos. Non se pode entender o empeño do goberno nesta cuestión. Na opinión dos reitores, o mellor sería prorrogar as PAU un ano máis, para dar tranquilidade, tras esa

negativa, agora estase intentando minimizar o impacto para que os estudantes e profesores de secundaria organicen o seu traballo con tempo suficiente.

En relación con esta reunión, destaca o reitor un último punto que el se comprometera a levar diante da CRUE, pero que, como presidente, adiantou o reitor Complutense de Madrid. Trátase da protesta pola política de refuxiados, xa que despois dos acordos tomados polas universidades, o goberno non fixo nada en relación coa política de acollida de refuxiados da guerra de Siria a España. Acordouse reiterarse no escrito da CRUE, que foi referendado no Consello de Goberno no que se especificaba de que maneira as universidades podían acoller a estes refuxiados, e insistir no cumprimento, cando menos, dos acordos adoptados. Destaca ao reitor a necesidade de que o goberno sexa máis valente e proactivo, seguindo o exemplo de Canadá e do seu primeiro ministro.

Prosegue o reitor informando da reunión da xunta reitora de FEUGA a pasada semana, na que se aprobou asinar un novo convenio, no que se regularizará a situación da UVIGO con FEUGA. A este respecto, explica que foi realizado un estudo acerca da relación que podería manterse con FEUGA en canto á xestión laboral e a xestión económica, no marco da lexislación actual. Este estudo compartíuse coas outras universidades do SUG, co obxectivo de acadar un diagnóstico común.

Este resultado foi presentado diante de FEUGA, indicándoselle que para poder seguir xestionando proxectos e contratos de investigación, especialmente a través do artigo 83, é necesario que a universidade realice unha encomenda de xestión para poder trasladar os fondos correspondentes. Por ese motivo sería necesario modificar os estatutos da fundación. FEUGA, a través da súa dirección xerencial, considerou que a súa facturación a través do artigo 83 non é significativa para o seu funcionamento, polo que non interesa a modificación dos estatutos e a perda do seu perfil privado.

Diante de esa situación, faise necesario regularizar esta colaboración, xa que ten limitacións legais polo perfil xurídico da fundación. Na actualidade estase a definir o procedemento para xestionar os contratos do artigo 83. Informarase da solución que se acorde, enviarase unha circular que complementa a información que xa se foi dando dende xerencia aos IP que normalmente traballaban con FEUGA. Quere destacar que non era a intención da universidade cambiar nada, pero ao non querer modificar os estatutos, non se poden manter a xestión económica que non se adecúa ás normativas.

Para finalizar, o reitor destaca a entrega, por quinto ano, dos premios INCUVI, experiencia que se consolida como un vehículo para facer realidade ideas e crear cultura de emprendemento. Nesta edición de 2016 seleccionáronse 18 finalistas, dos que foron elixidos seis proxectos gañadores do campus de Vigo, catro de Ourense e dous de Pontevedra. Agora teñen por diante un ano de traballo para converter en realidade a súa idea de negocio, dende os espazos das sedes Incuvi de Ourense, na Tecnópole; de Pontevedra en AJE; e de Vigo na Cidade Universitaria. Engade tamén que este ano, púxose en marcha a convocatoria Incuvi-Avanza iniciativa que constitúe un 2º paso e que permite continuar apoiando a aqueles proxectos emprendedores que, tras o seu paso pola preincubadora, demostraron a súa viabilidade pero están aínda en fase de desenvolvemento. Nesta primeira edición, seleccionáronse dúas start-ups que resultaron gañadoras na edición 2015: Meigalabs, do campus de Ourense e Robotilab, de Vigo, que seguirán desenvolvéndose no CITI de Ourense ou no Parque Empresarial de Porto do Molle, esta segunda.

O reitor finaliza o seu informe e dá paso aos seguintes puntos da orde do día.

Punto 3. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de grao para o curso 2016/17.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen explica que realizará a presentación deste punto, dividindo a exposición en dous apartados, como xa se fixo o ano pasado: por unha banda a asignación de horas e grupos a cada un dos títulos da universidade e, por outra banda, a asignación das materias a departamentos.

Comeza a vicerreitora a explicación do primeiro apartado, indicando que a documentación que se achegou contén as propostas de PDA dos títulos de grao para o curso 16/17 e que se corresponden coas realizadas polo centros, coa excepción dos títulos da Escola de Enxeñaría de Minas e a Facultade de Fisioterapia que ten o informe favorable da COAP.

En relación cos graos da ETS de Enxeñaría de Minas, a diferenza entre a proposta da Vicerreitoría, que conta con informe da COAP, e a do centro está baseada na modificación do decreto de títulos publicada a finais do 2015 pola Xunta no DOG. Esta modificación contempla a posibilidade de que os títulos que compartan 90 ECTS nos dous primeiros cursos poderán computar os seus alumnos de xeito agregado a efectos de cumprimento do presente decreto. Nel se indica que deberán facer Plans de viabilidade de aprobación anual aqueles títulos que non alcancen os 50 alumnos nos campus centrais ou 45 nos periféricos.

Explica a vicerreitora que, posto que os dous títulos impartidos na ETS de Enxeñaría de Minas, comparten 90 dos primeiros 120 ECTS, a proposta é que impartan nun só grupo de aula (A), co fin de sumar os alumnos, cumprir o decreto, e conseguir da Xunta de Galicia que exclúa a estes títulos do Plan de viabilidade no que están inmersos. Fai constar que o número de alumnos de novo acceso este curso foi de 48 nun dos casos e 21 no outro, polo que, por separado, ningún cumpre cos requirimentos do decreto.

Indica que a proposta que realiza o centro contempla a organización da docencia 60 ECTS comúns de nun só grupo de aula, mentres que a proposta que se presenta ao Consello de Goberno é de que se organicen nun único grupo tipo A 90 ECTS dos 120 dos dous primeiros cursos. Reitera que o feito de compartir esta docencia apoiaría a exclusión dos dous títulos do Plan de viabilidade, o que lles daría viabilidade a ambos títulos no futuro, co único requirimento de acadar o mínimo de 50 estudantes de novo acceso en primeiro entre os dous.

Destaca a vicerreitora que impartir a docencia nun un só grupo tipo A, con este número de alumnos, sitúa aos títulos en condicións similares a outros cun número similar ou superior, como bioloxía, informática, economía, educación infantil e primaria, ciencias do mar, química, ciencias do deporte, etc.

Respecto do grao en fisioterapia o punto de discrepancia sitúase nos grupos de titoría de tipo C. Explica que a proposta do centro inclúe na PDA algunhas horas de titorías. Enténdese desde a vicerreitoría, e así o informou a COAP, que as titorías de seguimento dos estudantes non se poden incorporar á PDA, e deben incluírse no horario de titorías do profesorado. Insiste en que isto é así nesta titulación e en todas as demais

Remata este apartado de asignación de horas e grupos, cunha consideración relativa ao Grao en Enxeñaría aeroespacial. Explica a vicerreitora, dadas as condicións excepcionais deste título, que a PDA foi elaborada na vicerreitoría atendendo á asignación de materias a departamentos que elaborou no seu momento a Xunta de Titulación. Engade que, no momento en que estea creado oficialmente a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, a PDA elaborárase como en todos os demais centros.

Finalizada esta primeira parte da presentación da vicerreitora, o reitor dá paso a unha rolda de intervencións:

A profesora Eva Lantarón dá lectura a un escrito no que solicita retirada do punto de aprobación de PDA do Grao de Fisioterapia (que se incorpora como **Anexo I** de este acta, xunto cos documentos que nela se citan). Dita solicitude apóiase nos antecedentes que explica a continuación:

1.- A Xunta de Centro da Facultade de Fisioterapia remitiu a PDA do Grao en Fisioterapia para o curso 2016-17, e unha solicitude de acordo de estabilidade. A COAP respondeu que a PDA debía modificarse incluíndo tan só aqueles grupos que figuren nos horarios do curso 2015/16. O Centro remitiu evidencias que xustifican que todos os grupos da PDA están incluídos nos horarios aprobados en xunta de Centro e nas programacións semanais, polo que se mantivo a proposta inicial de PDA.

2.- Como resposta, foron suprimidos todos os grupos C da PDA, indicando que esas actividades deben realizarse nas titorías do profesor. Explica a decana que isto é inviable, tal e como están suscitadas as competencias a adquirir na titulación e a súa avaliación. Indica que a distribución das actividades docentes e tamaño de grupo foron pactadas coa Vicerreitoría e aprobadas pola COAP antes da implantación do grao no curso 2009-10, e que as actividades a realizar foron programadas tendo en conta as competencias de coñecemento e transversais que debe adquirir o alumno. Refire que o seguimento personalizado, de asistencia obrigatoria, como se reflicte na guía docente, permite unha avaliación precisa do traballo e da achega persoal de cada alumno.

3.- Nesta titulación, malia ter 12 grupos C nalgunhas materias, expón a decana, o número de horas por grupo é 1 hora, polo que o cómputo total de horas non se dispara, que foi ao acordo establecido coa COAP. Continúa dicindo que se propuxo á Vicerreitoría baixar un ou dous grupos C por materia, recibindo a resposta de que esa variación non supoñía cambio algún na PDA.

Salienta a decana a preocupación da Facultade pola repercusión que terá na avaliación para a acreditación que deberán superar no vindeiro curso, xa que aprobar a PDA sen grupos C impediría cumprir coa memoria tal como está proposta. Por estes motivos, reitera a súa petición de retirada do punto de aprobación de PDA do Grao de Fisioterapia, nos termos que se achegan nos documentos remitidos a este Consello de Goberno, establecendo un acordo ata haber pasado o proceso de acreditación, momento no que se modificaría a memoria para adecuar as actividades docentes aos novos criterios.

Intervén o profesor Higinio González, quen destaca a clara a diferenza de criterio na elaboración das PDA dos títulos impartidos na ETS de Enxeñaría de Minas. Manifesta o seu desexo da decisión da Vicerreitoría sexa a correcta e se logre a saída do Plan de viabilidade.

O Profesor Rodríguez Berrocal expón que, sendo membro da COAP, votou en contra da normativa xeral da PDA. Por outra banda, reconece o esforzo realizado pola Vicerreitora e pola directora de área para encaixar as diferentes demandas dos centros e os intereses da Universidade, polo que fai constar que nesta ocasión vaise abster, como xa fixo na COAP.

A continuación intervén D. Luis González Varela. Agradece, en primeiro lugar, a invitación a este Consello de Goberno. Expón que nesta ocasión non vai argumentar as decisións que toma este goberno en relación coa PDA, pero si quere puntualizar que a opinión xeneralizada do alumnado é que moitos dos criterios que se empregan nas PDA están equivocados ou son inxustos, porque levan a situacións nas que dous elementos distintos se tratan igual e elementos iguais son tratados de xeito distinto e, así mesmo, que afectan de maneira importante ao que entenden por calidade da docencia, das ensinanzas en aspectos fundamentais que preocupan dende o alumnado, como pode ser que, en materias básicas nunha enxeñaría como o cálculo se imparta en 1,5 h de teoría nesta Universidade, mentres que noutras universidades se imparta en 3h, o que ten efectos nos contidos, na calidade a nivel académico. Máis alá de cuestións, que

tamén lles preocupan, como o tamaño dos grupos, as infraestruturas existentes nos centros para asumir eses tamaños, as metodoloxías docentes, a que haxan dobres grupos para favorecer o ir a clase, grupos de docencia pola tarde para os que estean traballando. Nese sentido, o alumnado está preocupado pola norma de elaboración da PDA e considera que debe ser revisada. E apuntan criterios como o número de suspensos a ter en conta á hora de formar grupos. Considera que debe terse en conta a taxa de éxito de cada centro, Reitera que é necesaria unha normativa que non sexa igual para todos, senón que se adapte a realidade de cada centro. Indica que, de poder votar, votaría en contra. Polo que, en ausencia dos votos do alumnado, solicita aos representantes dos centros, PDI e PAS que sexan coherentes co malestar que existe e voten en contra.

Finalizada a rolda de intervencións, responde a vicerreitora inicialmente a dona Eva Lantarón, indicando que, obviamente, non coñece os acordos aos que se poido ter chegado no ano 09/10 para o curso 2010-2011, xa que non estaba na vicerreitoría nin formaba parte da COAP, pero salienta que a Programación Docente Anual, é anual e, polo tanto, debe organizarse cada ano. Non se poden realizar acordos coa COAP no ano 2010 e pretender que se manteñan durante anos, porque as circunstancias non son as mesmas. Pero referíndose a documentos que son verificables, concreta a vicerreitora, que a PDA de Fisioterapia do ano 2010/11 ten un número de grupos de tipo C menor que PDA actual. Por outra parte, lembra a vicerreitora, Fisioterapia sempre ten un tratamento especial, xa que é o único Grao en Ciencias da Saúde. Pero naquel ano produciuse unha circunstancia particular, derivada de que a implantación do grao levouse a cabo en bloque, porque era unha diplomatura que pasaba a converterse en grao. E había un número moi importante de estudantes en algunhas materias, xa que os que remataban a diplomatura, recoñecían créditos e pasaban a cursar algunhas materias do grao. E, puntualiza a vicerreitora, algunha desas materias que daquela tiña un número extraordinario de grupos, contaba con máis de cento setenta estudantes, mentres que hoxe ten corenta e cinco, tal como consta na PDA actual. O cal pon de manifesto unha tendencia: mentres que o de estudantes foi baixando, o número de grupos foi crescendo.

Fóra diso, prosegue a vicerreitora, cada centro organiza e avalía aos seus alumnos cun criterio propio e correcto, pero a cuestión que hai que destacar e que a titorización proposta, o seguimento dos alumnos e a entrega de traballos de distinto tipos en función das materias se realiza en todos os títulos, pero non consta na PDA. Salienta que facer constar unha hora de titorización por estudante en todo un cuadrimestre non ten transcendencia docente. Pon, por exemplo, un caso recente de verificación dun título que tiña unha situación similar, con valores de titorización de 0,5 ou 1h por cuadrimestre nalgunhas materias, e os avaliadores, no propio informe de verificación, puxeron de manifesto o incorrecto desta situación, sendo necesario corrixilo, e especificar que a titorización se realiza dentro do horario de titorías do profesorado.

Reitera que o grao de Fisioterapia tivo sempre unha consideración especial por ser o único grao en Ciencias da Saúde, polo que, ademais das estancias clínicas que, evidentemente, son unha actividade singular desta titulación, mantivéronse grupos de laboratorio de tamaño singularmente reducido e, en comparación con títulos de similar número de alumnos, as horas de PDA, con e sen esta redución, son significativamente superiores. Porque se entende que o traballo en prácticas, como ten solicitado o centro, precisa ese tamaño e sempre se atendeu esa singularidade. Pero a titorización, ou a realización de traballos de clase, continúa a vicerreitora, aínda que contén unha porcentaxe importante da nota, non é algo singular deste título, senón que está considerado en practicamente todos os títulos en unha ou varias materias, dentro do sistema de avaliación actual.

Finaliza indicando, en relación coa proposta de PDA de este título que se presenta, a falta dunha proposta do centro, decidiuse incluír esas horas de titorización en horas de grupo A para que o alumnado non perda horas de formación. Considera que o Consello de Goberno pode manter

aberta a proposta, para que o Centro faga unha proposta para a súa reasignación, dentro dun marxe de tempo curto.

En resposta ao profesor Higinio González, que intervéen en representación da ETS de Minas, expresa a súa certeza de que a impartición dos 90 ECTS nun grupo vai facilitar que un dos graos impartidos nese centro, que xa está no Plan de viabilidade, saia e que o outro non entre. Destaca que este tamén é o obxectivo da dirección, simplemente hai discrepancias na actuación para logralo. Engade que esta proposta, que non prexudica ao grao nin aos estudantes, será beneficiosa para ambos títulos e para o centro, xa que perderán a presión da avaliación anual, da necesidade de acadar o número de matriculados necesarios en cada título para poder impartilo. Finaliza afirmando que se queremos a titulación de Recursos Mineiros e Enerxéticos, se queremos impartila e podemos facelo con ese número de alumnos, temos un recurso para conseguilo, empreguémoslo.

En relación coa intervención do profesor Rodríguez Berrocal, agradece o recoñecemento que fai do traballo realizado.

Para responder a Luis González Varela, comenta a vicerreitora que comprende as discrepancias en relación coa maneira de realizar as PDA's, xa que hai moitos xeitos de realizalas. Pero, non que se estea orixinando un prexuízo do tipo que se indica ao alumnado. Explica que como este tema lle preocupa, realizou unha serie de buscas comparativas, e en base delas considera que na Universidade de Vigo, especialmente no ámbito tecnolóxico e, particularmente en relación coas universidades politécnicas, ten unha asignación de horas e unha distribución de grupos extraordinariamente mellor, con grupos máis pequenos, tanto a nivel de aula como de laboratorio. Pon por exemplo a situación no grao en Enxeñaría Informática, con grupos de 20 – 25 alumnos, que non se da en moitas das universidades nas que, para poder facer as prácticas de informática teñen que levar o seu propio ordenador á aulas grandes, o que non lle consta que ocorra aquí. Engade que calquera diferenza que se detecta entre a previsión realizada na PDA e a realidade se corrixe de xeito inmediato. Respecto a contabilización dos estudantes, desexa aclarar que non se computa o 15% dos alumnos en segunda e posteriores matrículas, compútase 15% de novos, o que é bastante diferente. E a este nivel, se comparamos todas as normas das universidades, todas contemplan unha porcentaxe variable, 15-20% pero dos que repiten. Subliña que esta universidade é a única que o fai así. Conceptualmente, admitimos unha tolerancia ao fracaso do estudantado, que se establece do 15% dos novos alumnos, calquera taxa superior debe se corrixida, pero non pola vía de que permita un incremento de cadro de persoal. E afirma a vicerreitora, que esta forma de actuar é correcta, o que non obsta, para que poida producirse unha acumulación de alumnos de segundas e sucesivas matrículas que dificulte a asistencia dos alumnos. De producirse ese feito, se corrixe, non consta que haxa alumnos que queden fóra por non poder entrar nunha aula e, de ocorrer sería necesario que, como vicerreitora fose informada.

Antes de finalizar, a vicerreitora realiza unha puntualización en relación coa PDA de Minas, indicando que, posto que a discrepancia era entre impartir 60 ECTS ou 90 ECTS nun grupo, na proposta que se presenta ante o Consello de Goberno, os 30 ECTS de diferenza foron asignados as materias que tiñan menos alumnos, ao non ter un criterio académico. Por suposto, engade, estamos abertos a que o Centro poida modificar esa asignación.

Antes de sometelas á consideración do Consello de Goberno o reitor realiza un resumo das propostas. En relación con fisioterapia, a proposta, respaldada polo acordo da COAP, consiste na no inclusión das horas de titorías na PDA nas horas de alumno, deixando o marxe de negociar co centro como se recollen. En relación coa proposta para a PDA de Minas, reitera a certeza de que a medida proposta suporá non estar en permanente vixilancia por ver se cumprimos, ou se algún goberno nos retira o título, o que non aconteceu ata o de agora, porque estamos en período

electoral. Lembra que queda aberta para a consideración do centro a asignación dos 30 ECTS da diferenza.

Agradece tamén a Luis González, como representante de alumnos, a súa reflexión, e a pesar de que como dixo a vicerreitora estamos en mellores condicións que outras universidades, non debemos descartar o autoanálise para ver de que xeito podemos realizar melloras e ver ata onde podemos avanzar evolucionando a mellor.

Ábrese unha nova rolda de intervención na que toa a palabra dona Eva Lantarón, para aclarar que o traballo que se realiza en fisioterapia, en algunhas materias específicas, esixe unha dedicación maior, precisa unhas titorías especiais a maiores. Pon un exemplo do análise de movemento biomecánico, que trala realización dunha gravación por parte do alumno, e realizar o análise, ese documento se entrega e hai unha primeira titoría na que se analiza o movemento e o profesor explica as compensacións dos movementos, e a partir de aí o alumno volve a traballar, volve a outra titoría, corríxe. Considera que nesas titorías existe unha docencia real e un proceso avaliador do traballo do alumno. Non son meramente de recollida de traballos. Quere tamén facer unha puntualización aos datos que mencionou a vicerreitora 2010-11 nos que dixo que había grupos de cento setenta, que pode ser porque eran os que se incorporaron da diplomatura e convalidaran, pero nunca houbo grupos tan grandes, xa que dende a Vicerreitoría apoiouse que os grupos que se tiveran que duplicar se duplicaran, polo que noutros anos foron menores.

O representante do alumnado, Luis González Varela reitera as palabras do reitor de que non estamos tan mal, pero que debemos ir a mellor, porque mellorar é bo para a universidade para os alumnos actuais e os futuros. Retoma o tema das infraestruturas, considera que algunhas están ao mínimo, fala da súa facultade, na que se pasou de 7 alumnos por grupo de prácticas, a 15 e agora estamos en 25, porque na Xunta de Centro acordouse manter o número de grupos, baixar ½ h de alumno. Insiste en que as infraestruturas están a tope, de seguir aumentando o número de alumnos por grupo non se poderá impartir docencia cun mínimo de calidade. Insta a que se teñan en conta estes feitos.

Finalizadas as intervencións, o reitor solicita a votación das propostas de asignación de horas e grupos presentadas anteriormente.

Apróbanse por 25 votos a favor, 1 en contra e 6 abstencións .

A continuación a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado realiza unha presentación de catro casos nos que a proposta de asignación de materias a áreas, informada favorablemente pola COAP, non coincide coa solicitude dos centros:

1. “Introdución á economía” materia de primeiro curso no grao en Turismo: explica que o centro solicitou a adscrición a o Departamento de Fundamentos de Análise Económico e neste Consello de Goberno propónse a adscrición a Economía Aplicada. Este é o mesmo cambio que se aprobou aquí o curso pasado, baseado nas cadro de persoals dos dous departamentos no campus de Ourense.
2. No grao en Dirección e Xestión Pública, existe unha discrepancia en dúas materias. en primeiro lugar na materia denominada “Sector Público”, que viña impartindo o departamento de Economía Aplicada, e o centro solicitou o cambio ao departamento de Socioloxía, Ciencias políticas e da Administración e Filosofía. Tendo en conta a capacidade docente dos dous departamentos no campus de Pontevedra a proposta é manter a adscrición no mesmo departamento que en anos anteriores.
3. Na materia de “Ética Pública e responsabilidade xurídica do empregado público”: O ano pasado realizouse un cambio de adscrición desta materia que se adscribiu a área de Filosofía

Moral. Este tema fora debatido na COAP e tomárase esta decisión en base a un documento presentado polo centro que solicitaba esta decisión. Este ano, recibíuse un escrito do departamento solicitando que algunhas partes desta materia deberían ser impartidas polo departamento de Dereito Público. Atendendo a distribución por bloques dos contidos desta materia, a COAP considerou que en efecto algúns deses bloques deberían ser impartidos concretamente polas áreas de Dereito administrativo e Dereito Penal. Polo tanto, tendo en conta o contido xurídico da materia, a proposta é volver a situación anterior, na que se compartía a materia en función dos seus diferentes bloques temáticos entre a área de filosofía moral e o departamento de dereito público

4. Finalmente, expón a discrepancia existente no Grao en Recursos Mineiros e o Grao en Enerxía da ETS de Enxeñaría de Minas, coa materia de “Xeoloxía” do primeiro curso dos graos. Explica que o departamento de Xeociencias mariñas e Ordenación do Territorio presentou unha solicitude para impartir esta materia, que xa impartira no título anterior. En principio, a Escola incluíu este departamento na lista priorizada de asignación desta materia, xunto co de Recursos Naturais e Medio Ambiente, polo que na vicerreitoría entendeu-se que podía asignarse a docencia a calquera deses departamentos. Pero posteriormente o centro rectificou a súa decisión. Tendo en conta as diferencias de capacidade docente entre os dous departamentos implicados e o feito de que o departamento de Xeociencias mariñas e Ordenación do Territorio e a histórica impartición das materias de xeoloxía no título anterior, a proposta é realizar o cambio de adscrición, e así optimizar os recursos humanos dos departamentos. A pesar de que o Centro indica que o perfil da materia é diferente, a vicerreitora explica que realmente en vista das guías docentes non parece que sexa así. Lembra tamén que todas as materias de xeoloxía da universidade, a excepción desta, as ven impartindo o departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio, que é onde están incluídas as áreas de Xeoloxía.

Polo tanto, a proposta que presenta aquí, é realizar o cambio de asignación, xa que permite unha optimización dos recursos humanos, asumindo que pode estar impartida esta materia por ambos departamentos,

Finalizada a exposición por parte da vicerreitora, o reitor abre unha rolda de intervencións.

Intervén o profesor Higinio González, quen explica que vai votar en contra porque existe un acordo da Xunta de Escola de Minas no que, por unanimidade, priorizábase a asignación da docencia desta materia ao departamento de Recursos Naturais. Aclara que non debe primar un criterio económico sobre o académico. Fai unha reflexión sobre que a ETS de Minas ten unha cadro de persoal curta, e todo o que implique reducir esa cadro de persoal, limita as posibilidades de mellorar a escola. Recoñece a importancia da economía de recursos humanos, entre áreas. Pero tamén apunta que, cando nun área hai crecemento é porque se traballou intensamente, se despois se balancea cara a outra área ou departamento que non fixeron ese esforzo, se penaliza, o que considera que non é xusto. O aforro é mínimo.

A profesora Belén Rubio subliña que intervén máis que como membro da COAP, como membro do departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio. E explica que o seu departamento era o único que ten a área de Xeoloxía da UVI, e impartía todas as materias de Xeoloxía da universidade. Concreta que na titulación de Enxeñaría de Minas, ela mesma impartiu a docencia, sendo profesora da materia de primeiro durante nove anos. O seu departamento tamén impartía a materia de “Estratigrafía” en segundo. Nese tempo non xurdiu ningún problema, nin queixa e as enquisas eran moi favorables. Expón que o seu departamento ten 12 profesores estables, entre Catedráticos e Titulares de Universidade, perfectamente capacitados para impartila, como xa se demostrou pola impartición previa de dita docencia, polo que descarta que os criterios empregados sexan económicos, senón que tamén son académicos. Lembra que é habitual que os profesores dun departamento se movan de centro para impartir

docencia, que acontece en tódolos centros, con materias como bioloxía, química. Polo antedito, manifesta que votou a favor da reasignación na COAP e o fará nesta sesión.

Intervén a profesora Ester Pillado, como directora de Dereito Público da materia de Dirección e Xestión pública. O cambio de asignación que se propón deriva do cumprimento da memoria do título, do contido da ficha da materia “Ética Pública e Responsabilidade Xurídica do Empregado Público”, en contra da opinión do centro. Argumenta que se trata dunha materia con dúas partes ben diferenciadas: a de Ética Pública que, anteriormente, era impartida pola Área de Filosofía Moral, e a de Responsabilidade Xurídica que viña sendo impartida polas áreas de Dereito Penal e Dereito Administrativo ata o curso pasado.

Toma a palabra a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado para puntualizar que as asignacións que se propoñen atenden a un criterio de optimización de recursos, pero con criterios académicos. Isto faise patente en que cambiar a asignación da materia “Ética Pública e Responsabilidade Xurídica do Empregado Público” implica un custo económico, mentres que asumir a decisión do centro sería a coste cero. En todas estas decisións inténtase compatibilizar a necesidade académica, que é prioritaria, coa optimización dos recursos, cando é posible.

Intervén o reitor para reiterar diante do Consello de Goberno este xeito de actuar, en primeiro lugar sempre se segue o criterio absolutamente académico, o criterio de optimización de recursos e o económico van en segundo e terceiro lugar. Pero os argumentos teñen que estar perfectamente argumentados, presentáronse uns casos nos que a COAP considerou que os criterios académicos levan á proposta de asignación destas materias que aquí se trae e se defende. Cando esta consideración académica supón custos, estes se asumen. Pero cando as consideracións académicas de dúas opcións son equivalentes, cando hai dúas áreas que poden asumir a docencia con igual solvencia, é lóxico que decidan os criterios de optimización. E aquí se presentaron exemplos de esa priorización académica.

Sométese a votación a proposta de asignación das materias a departamentos, que resulta aprobada por 23 a favor, 1 en contra e 9 abstencións.

Punto 4. Aprobación, se procede, das normas para a elaboración do POD curso 2016/17.

Cede o reitor a palabra novamente á vicerreitora de Organización Académica para que realizar a presentación.

A vicerreitora indica que as normas que se presentan teñen o obxecto de organizar a elaboración do POD por parte dos departamentos, así como a contratación temporal que se derive da mesma.

Nos aspectos máis xerais a norma segue a estrutura das aprobadas en cursos anteriores, particularmente a do curso pasado, con dúas diferencias salientables que pasa a detallar. A primeira, que pódese considerar un cambio menor é o incremento do recoñecemento para o profesorado que se desprace voluntariamente entre campus, cando exista exceso de capacidade docente nun campus e necesidades no outro. Nos anos anteriores, se recoñecía cun 50% os desprazamentos entre os campus de Vigo – Ourense o 25% entre os de Vigo e Pontevedra. A proposta que se presenta propón incrementar ao dobre este recoñecemento para incentivar esta mobilidade.

A segunda cuestión é máis relevante, refírese ao cómputo das horas que dan dereito á solicitude de prazas consolidables, de axudante doutor e, en casos excepcionais, de axudante. A contratación de persoal para cubrir a docencia en prazas non consolidables se fai como nos anos anteriores. Dado que o cambio que se propón é relevante, a vicerreitora pasa a explicalo polo miúdo.

Nos últimos anos este cálculo baseábase no cómputo da denominada carga docente básica, que se derivaba dunha asignación fixa aprobada no ano 2011, Neste procedemento se calculaba a carga que tiña cada departamento en función das PDA dos centros. A partir deses valores, se realizaba un cálculo sobre a capacidade de cada departamento e desa diferenza entre carga e capacidade, se decidía a posibilidade de sacar unha praza consolidable. Destaca a vicerreitora a importancia de que este cálculo se realizara por departamento, xa que conducía a desaxustes non desexados cando, dentro dun mesmo departamento, o exceso de capacidade dun área anulaba as necesidades doutra área, conducindo a situacións inxustas, na opinión dos propios departamentos, xa que no conxunto o departamento parecía non ter necesidades, cando unha das áreas si as tiña.

Na proposta que se presenta, o cálculo se realiza por área e Campus, e non por departamento. Por outra parte, modifícase tamén o cómputo da carga e da capacidade docente. A capacidade calcularase tendo en conta todo o profesorado estable o con dereito a promoción, e computando o promedio do profesorado estable nesa área. Respecto a carga docente, compútase a carga real da área no POD 2016/17, tendo en conta a docencia en grao e nos másters estables, isto é os que dan atribucións profesionais, nomeadamente os das enxeñarías, o máster de secundaria e o máster de avogacía. Explica a vicerreitora que os demais están sometidos ao decreto de títulos no relativo ao número mínimo de alumnos, polo que non teñen unha docencia estable. Ademais, destaca, a docencia se asigna á profesores concretos, polo que pode mudar mesmo de departamento. Trátase dun cambio significativo que actualizará os datos de carga docente unha vez implantados completamente os graos. Para xerar unha praza consolidable, deberase computar unha diferenza de 320h entre carga e capacidade. Este feito explícase pola necesidade de ter unha certa folgura no cálculo que garanta as posibilidades reais de promoción dentro de cinco anos, cando estes contratos rematen. Unha redución desa marxe incrementaría o número de prazas e polo tanto dificultaría a estabilización das persoas que se contraten. Este cálculo é, ao noso entender, menos restritivo que o que se viña facendo, engade a vicerreitora.

Salienta que a proposta conta co informe favorablemente pola COAP Este documento foi debatido en tres sesións da mesa de negociación do PDI e contou co apoio de AGPTU, a abstención da UGT e o voto en contra do resto dos sindicatos representados na mesma.

Finalizada a exposición da vicerreitora, o reitor abre unha rolda de comentarios ao documento que se propón.

O profesor Bienvenido Díez resalta que nesta ocasión se incorporaron algúns dos cambios propostos polos sindicatos, o que valoran positivamente, e que os membros da mesa tiveron ocasión de debater. Valora o cambio de rumbo iniciado e desexa que siga evolucionando. Explica que por iso neste caso, o seu sindicato se abstuvo, pero non aprobaron a normativa porque está baseada nas anteriores que consideran non negociadas. Expresa a confianza de que no ano próximo as normativas anteriores se negocien, e se mellore a actual, para poder apoiala.

Intervén o profesor Pérez Cota quen agradece a redacción deste ano, e tan só quere solicitar a mellora para o parágrafo do punto 6, no que se aborda a mobilidade intercampus, en concreto no parágrafo que fai referencia ás titorías. Propón que se inclúa que se, cando non hai docencia, si corresponderán indemnizacións por razóns de servizo. Engade que tamén é necesario que se tome en consideración a situación da EEI na que o desprazamento entre as dúas sedes, Campus e Cidade, está causando dificultades ao profesorado.

O profesor González Santamaría realiza una crítica ao documento por diversas razóns: pola limitada aposta pola promoción, tamén expón que con esta proposta o colectivo de máis de 60 anos sae prexudicado. Tamén a posibilidade de cubrir listas de agarda que, na súa opinión, constitúen un espazo de precariedade, considera que sería máis axeitado xogar coas dedicacións dos contratados a tempo parcial para axustar diferenzas. Na proposta non se prioriza esta opción

sobre outras. Considera que cáusase un prexuízo ao alumnado. Retoma un asunto que xa foi comentado anteriormente, como é a organización cuadrimestral, na contratación do profesorado. Lembra á vicerreitora que o profesorado contratado non só dá clase, senón que participa en titorías, titoriza en prácticas en empresa, TFG, TFM, participa nos órganos de representación da universidade ,etc. Por todo iso, non lle ve sentido a que unha persoa con 90h de docencia nun cuadrimestre, como T3, non poida estar cun contrato anual como P6, o que lle permitiría manter esas actividades. Entende que por debaixo de 90 h non incide no aspecto económico e, en cambio permitiría facer mellor o seu traballo.

Toma a palabra o profesor Rodríguez Berrocal, para amosar a súa preocupación porque a medida que pasan os anos, a incorporación de persoas novas á universidade está sendo limitada, maioritariamente por factores externos, limitacións orzamentarias e pola normativa da Xunta de Galicia pero cre que debería poder facerse de algún xeito, porque estamos a perder toda unha xeración e a xente que está lendo teses e facendo esforzos e que non ten xeito de poder entrar. Considera que a taxa de reposición vai mellorar, pero esas prazas se ocupan polos que xa están dentro. Insiste en que debería poder ofrecerse algo aos novos, que lles garantira polo menos uns anos. Cree que a proposta da normativa é moi cicatera, tanto polo establecemento da diferenza 320 horas de déficit necesario para que se contrate unha nova praza, como no cálculo da carga docente básica, no que todas as persoas contan con 320h do cómputo das horas.

Aclara a vicerreitora que é o promedio da área, polo que no caso do departamento do profesor Rodríguez Berrocal, por exemplo, serían preto de 160h.

Continúa o profesor Rodríguez Berrocal indicando que lle sorprende que non se computen os recoñecementos que están estabilizados, pon por exemplo que nos departamentos monoárea sempre vai haber un director e un secretario, polo que deberían contemplarse estes feitos. Finalmente indica que como esta normativa vai no sentido das normativas anteriores de PDA, nas que votou en contra, tamén neste caso votará en contra.

Responde a vicerreitora ao profesor Pérez Cota, indicándolle que si se corraxirá, que de feito, xa se comentara na mesa do PDI, pero tamén se pode recoller na instrución. De calquera xeito, debe quedar claro, continúa, que no período no que hai clase non haberá dereito á indemnización, pero durante o período en que non se imparten clases, os estudantes tamén teñen titorías.

Ao profesor Bienvenido Díez lle responde que tamén espera que a relación mellore e expresa o seu desexo de poder presentar a un Consello de Goberno un documento aprobado unanimemente na mesa de negociación, e nese sentido seguirá traballando.

En relación cos comentarios do profesor González Santamaría, a vicerreitora indica que tal vez non entendeu claramente o que quixo dicir en algúns puntos, en relación coa estabilización. Explica que o documento que se presenta intenta organizar a docencia e contratación para o curso próximo, non trata de estabilizar ao persoal a futuro. Iso se abordará na oferta pública de emprego, na que se establecerán outros mecanismos. Aquí se contempla cubrir a docencia con profesorado non permanente, e ese persoal pode ter dereito a estabilización ou non. En canto ao da ampliación da dedicación dos asociados, administrativamente é preferible ampliar a dedicación do persoal asociado que realizar unha nova contratación, pero ten que ser o departamento quen o ten que propoñer, xa que é o departamento o que valora se ese profesorado pode impartir a docencia que resta por cubrir. O profesor González Santamaría insiste en que se debe impulsar que se faga así. A vicerreitora responde que xa se transmite esa idea, porque é máis doada para todos, pero que nesta situación debe primar o criterio académico que defina o departamento, non se pode establecer un criterio único para todos os casos. En relación coa organización cuadrimestral, reconece que en efecto ten incidencia e indica que neste documento se rebaixaron as obrigas cuadrimestrais dos departamentos a solicitude de algunhas organizacións sindicais. Pero indica que hai unha cuestión na que non se pode ceder, e explica o

caso dun asociados que teña toda a súa docencia no segundo cuatrimestre, si se contratan ao comezo de curso pode ocorrer que antes de iniciar a docencia teña que renunciar ao seu contrato ou reducir a súa dedicación, por motivos laborais. En ambos casos, terían cobrado varios meses sen estar cumprindo coa docencia contratada. Explica que isto ten sucedido en diversas ocasións, porque os asociados poden ter obrigas profesionais que lle impidan facer previsións horarias a longo prazo. Reitera que non hai ningún problema en facer contratación anual cando a docencia se imparte nos dous cuatrimestres.

Ao profesor Rodríguez Berrocal lle responde que todos compartimos a preocupación pola renovación do cadro de persoal desta universidade, igual que acontece noutras. O problema xurde en como resolvelo. Ao tratar de temas como a PDA, por exemplo, se puxo de manifesto a existencia de desequilibrios entre áreas, departamentos e ámbitos, polo que os esforzos de estabilización que se nos permitiron facer se centraron en intentar paliar esas diferenzas, se ben as normas dos últimos anos nos permitirán sacar ese ano 4 prazas para investigadores que foron Ramón y Cajal. Subliña a vicerreitora que, co escaso marxe do que dispoñemos, debemos manter un necesario equilibrio entre esa contratación para incorporar novo persoal investigador, coa necesaria para impartir docencia nas áreas e ámbitos nos que é imprescindible. Reitera que todos compartimos a preocupación pola renovación, xa que de prolongarse esta situación a diferenza entre a media de idade e a dos máis novos vai incrementarse de xeito serio. Remarca a súa firme convicción de que esta normativa vai permitir mellorar a situación dalgunhas áreas.

Volve a intervir o profesor Rodríguez Berrocal para indicar que sendo consciente da necesidade deste equilibrio, nunha universidade na que nos últimos anos se leron máis de máis de 300 teses, nos estamos conformando con sacar só 10 ou 12 prazas de axudantes. Está claro que non todas as persoas que defenden unha tese poden ter continuidade, pero ese número é moi baixo.

Indica a vicerreitora que moitas desas teses se defenderon en áreas nas que non se van poder acadar estes números.

Unha vez concluídas as intervencións, procédese á votación da normativa (**Anexo II**), que é aprobada por 25 votos a favor, 4 en contra e 4 abstencións.

Punto 5. Aprobación, se procede, da declaración de interese do Máster Universitario en Xestión do Desenvolvemento Sostible.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado.

Explica a vicerreitora que a inclusión neste punto da solicitude de modificación do Máster Universitario en Xestión do Desenvolvemento Sostible, pode sorprender xa que o prazo de presentación destas solicitudes rematou o día 2 de marzo e xa foron tratadas na última sesión do consello de goberno. Con posterioridade a esa sesión apareceu no DOG unha resolución na que se inclúe unha lista de títulos que non poderían impartirse o curso próximo. Nesta relación se incluía este máster, a pesar de que pensabamos que este título sería excepciónado.

Por esta razón o máster non poderá impartirse o vindeiro curso e, de non realizarse a modificación que hoxe se presenta aquí, tampouco podería impartirse o curso seguinte, polo que se extinguiría. Atendendo a este feito excepcional, solicítase que se probe esta declaración de interese que permita presentar a correspondente modificación antes do 1 de agosto xunto cos demais títulos, co obxecto de que, de ser aceptada pola Xunta, non se perda este Máster para posteriores edicións.

Aprobase por asentimento.

Punto 6. Aprobación, se procede, de excedencia temporal nas condicións previstas no artigo 17 da Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

Cede a palabra o reitor á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen expón que se presentou unha solicitude de excedencia temporal nas condicións previstas no artigo 17 da Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación. Explica a vicerreitora que a duración de esta excedencia temporal é de un máximo de 5 anos. Finalizado ese período o profesor podería solicitar outra, tras permanecer dous anos na universidade de orixe.

Neste caso, a solicitude é do profesor que profesor D. Pablo Menéndez García, catedrático de Dereito Administrativo, que solicita a súa incorporación como investigador á Universidad Rey Juan Carlos. Indica a vicerreitora que conta con todos os informes favorables, incluídos o do seu departamento e o da COAP, polo que se solicita a súa aprobación.

Fai constar a vicerreitora que as persoas que se acollen a esta modalidade deben asinar un documento no que se comprometen a manter a súa filiación á Universidade de Vigo no tempo que dure esta excedencia temporal, en toda a produción científica que desenvolvan na súa estancia.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Aprobación, se procede, do II Plan de Igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2016/19.

Cede a palabra o reitor á directora da Área de Igualdade, dona Anabel Penín, quen foi invitada a esta sesión do Consello de Goberno para que realice esta presentación do Plan, aprobado na Comisión de Igualdade.

Expón a directora que o II Plan de igualdade entre mulleres e homes é o instrumento necesario para a continuación das políticas e o resultado do compromiso que a universidade de Vigo como motor de cambio e referencia para acadar una igualdade real ten coa sociedade. A elaboración deste segundo Plan é froito da avaliación do primeiro Plan, no cal no só se avaliaron as accións, senón que tamén se realizaban propostas de mellora e suxestións da enquisa virtual de igualdade de xénero que foi posta en marcha pola Comisión de Igualdade e dirixida a toda a comunidade universitaria. Para adecuar a formulación de algunhas accións, contactouse co equipo de goberno e os servizos responsables da súa execución co gallo de acadar maior implicación no propósito da acción.

Continúa indicando que o Plan de igualdade foi aprobado pola Comisión de Igualdade este mesmo ano e foi enviado ás persoas que ocupan os cargos de responsables de igualdade de los centros e exposto á Comunidade Universitaria para un período de alegacións e observacións. Non se presentaron alegacións.

A directora da área de Igualdade detalla as características do Plan, indicando que é adaptado a realidade, xa que a aínda que é ambicioso está deseñado para ser factible e acadar os obxectivos propostos. É integrador, xa que pretende incidir en toda a comunidade universitaria conciliando intereses, conciliador, aspirando a igualdade entre as distintas expresións da diversidade sexual. Tamén é transversal, xa que os obxectivos deste Plan alcanzan a todos as estruturas e servizos da institución. Por último é participativo, dinámico e cuadrienal.

A continuación, esquematiza os catro eixos, que a súa vez conteñen obxectivos estratéxicos, a partir dos cales se concretan as 85 accións que se consideran necesarias para acadar ditos obxectivos. O eixe I, está centrado na cultura da igualdade na Universidade de Vigo, o segundo eixe céntrase na proxección social da Universidade de Vigo con perspectiva de xénero. O eixe

III é docencia, investigación e transferencia do coñecemento con perspectiva de xénero, e o IV eixe: Condicións sociolaborais con perspectiva de xénero.

A Comisión de Igualdade será, xunto coa Unidade de Igualdade o órgano xestor, e a encargada de realizar o seguimento da execución do Plan de igualdade. Destaca tamén, como novidade deste Plan, que aos dous anos de vixencia realizárase un informe de seguimento para avaliar o grao de execución do Plan.

Finaliza a presentación resumindo que este Plan permitirá crear un entorno de convivencia máis igualitario que, ademais de ser o xusto e democrático, será beneficioso para a universidade, porque aumentará a súa competitividade ao sacar rendemento por igual de todo o seu capital humano.

Tras esta exposición, destaca o reitor o traballo realizado pola Unidade de Igualdade e da comisión. Subliña que é un Plan realista, xa que se concreta en 85 medidas que empezarán a poñerse en marcha en canto se aprobe o Plan.

Ao non haber comentarios ao Plan, apróbase por asentimento (**Anexo III**).

Punto 8. Aprobación, se procede, da proposta do Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” ao Dr. Emilio Rolán Mosquera.

Antes de ceder a palabra á Secretaria Xeral, o reitor recorda que se invitou, con voz e sen voto, ao profesor D. Armando Caballero, para realizar a presentación do candidato proposto.

Lembra a secretaria xeral que segundo o artigo 39ae) dos Estatutos da UVigo correspóndelle ao Consello de Goberno a adxudicación de doutoramentos honoris causa a persoas que, segundo os seus méritos considere merecedoras de tal nomeamento, de acordo coa normativa aprobada polo Claustro. E esta refire que a proposta dun candidato ou candidata realizada por un departamento debe estar avalada, polo menos, por 3/5 partes dos departamentos do seu ámbito de coñecemento, e debe contar co informe favorable do centro ou centros correspondentes.

Explica que a petición presentada polo Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía está apoiada por 8 dos 11 departamentos do seu ámbito e conta co informe favorable da Facultade de Bioloxía, Facultade de CC. Do Mar e Facultade de Química. Por todo o cal cumpre os requirimentos da normativa. Na documentación achegada aos membros do consello de goberno figura unha breve memoria na que se recollen en liñas xerais os méritos do Dr. Emilio Rolán quen, por outra parte é unha figura moi coñecida, non só por ser un dos expertos mundiais máis afamados no campo da taxonomía do mundo mariño, senón pola súa labor divulgativa da ciencia e da cultura en Galicia. A secretaria xeral cede a palabra ao profesor D. Armando Caballero para que realice un breve resumo do currículo do candidato, D. Emilio Rolán Mosquera.

O profesor Caballero Rúa, agradece ao equipo de goberno a súa invitación e explica que a solicitude que presenta o seu departamento, pero parte inicialmente do profesor Pedro Pablo Gallego, do Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencia do Solo, sumándose posteriormente o mesmo, e os profesores Pombal Diego, do Departamento de Bioloxía funcional e Ciencias da Saúde e o profesor Souza Troncoso do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal. Agradece o apoio recibido polos departamentos.

A continuación fai un resumo da memoria presentada, destaca que o Dr. Rolán, é licenciado en medicina pola Universidade de Santiago de Compostela e exerceu como Pediatra durante toda a súa vida en Vigo, chegando a ser xefe do Servizo de Pediatría de Povisa, e do Instituto Social da Marina. Doutor en Bioloxía por la Universidade de Santiago de Compostela, foi profesor

asociado da Escola Universitaria de Enfermería, da Escola de Enfermería e da Facultade de Medicina de Santiago de Compostela.

Con todo, destaca as súas aportacións máis salientables fíxoas como amateur, xa que a través da súa paixón pola malacoloxías, converteuse nun baluarte da taxonomía de moluscos mariños, describindo máis de 1000 especies novas. Está considerado actualmente como o taxónomo máis produtivo do mundo mariño e un dos expertos mundiais máis afamados neste campo. Acumulou unha das mellores coleccións privadas do mundo, con máis de 25.000 cunchas, que el quería que se gardase en Vigo, pero que finalmente se encontra no Museo de Historia Natural de Santiago de Compostela. Destaca tamén a súa actividade como divulgador da ciencia e tamén a súa faceta como pintor e escritor, que lle confire un perfil moi completo.

Apróbase por asentimento a proposta de concesión do grao de doutor Honoris Causa a D. Emilio Rolán.

Punto 9. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado por D. Pedro González Santamaría, Dna. Marta Teijeira Bautista e Dna. Adela Sánchez Moreiras contra os acordos do Consello de Goberno do 12 de febreiro de 2016, referentes á aprobación das normativas de Dedicación do profesorado, de Recoñecemento das actividades docentes do PDI para o curso 2016/17 e dos Criterios de elaboración da programación docente anual para o curso 2016/17.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen resume os aspectos máis salientables da documentación que foi remitida xunto coa convocatoria. Lembra que na sesión do Consello de Goberno de data 12 de febreiro de 2016 foron aprobados en tres puntos da orde do día “Os Criterios de elaboración da programa docente anual (PDA) para o curso 2016/2017”, a “Normativa de dedicación do profesorado” e a “Normativa de recoñecemento de actividades docentes do PDI”.

O 14 de marzo, os profesores D. Pedro González Santamaría, Dna. Marta Teijeira Bautista e Dna. Adela Sánchez Moreiras, interpuxeron recurso de potestativo de reposición os devanditos acordos do Consello de Goberno, alegando ausencia de proceso de negociación con vulneración de dereitos fundamentais, e relativos tamén á modificación substancial colectiva das condicións de traballo. No seu escrito refiren a oposición de diversas organizacións sindicais ás normativas de dedicación do profesorado e de recoñecemento de actividades docentes e a ausencia de negociación das propostas alternativas presentadas na mesa. En relación cos Criterios de elaboración da PDA indican que non foron presentados na mesa para a súa negociación. Alegan tamén que a modificación das normativas anualmente, cambian significativamente as condicións laborais do PDI e as condicións de emprego. Por todo o cal solicitan a retirada de ditas normativas e a devolución á mesa para a súa negociación.

En relación con este recurso, o servizo de Asesoría Xurídica no seu informe diferencia dous puntos:

1º) En relación coa Normativa de Dedicación do profesorado e a Normativa de recoñecemento de actividades do PDI, indica que sería aplicable o artigo 107.3 da Lei 30/1992 (de Réximen Xurídico de las Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común) que establece: *Contra las disposiciones administrativas de carácter general no cabrá recurso en vía administrativa*. Neste informe se explica e argumenta xuridicamente que ambas normativas cumpren as características para seren consideradas disposicións de carácter xeral, polo que non son susceptibles de recurso no ámbito administrativo e, consecuentemente, cumpriría a inadmisión do recurso en relación con este punto.

2º) En canto aos Criterios de elaboración da Programación Docente Anual (PDA) para o curso 2016/17, lembra que os recorrentes alegan que non foron presentados na mesa de negociación e polo tanto, non puideron ser debatidos coa representación sindical. En relación con este punto, o informe remítese ao disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei do Estatuto Básico del Empleado Público, que recolle no seu artigo 37.1 ás materias que deben ser obrigatoriamente obxecto de negociación. Entre elas a secretaria xeral destaca a que se refire a este punto, recollida no apartado “*m) Las referidas a calendario laboral, horarios, jornadas, vacaciones, permisos, movilidad funcional y geográfica, así como los criterios generales sobre la planificación estratégica de los recursos humanos, en aquellos aspectos que afecten a condiciones de trabajo de los empleados públicos.*”

Prosegue a secretaria xeral indicando que no apartado 37.2 se precisan as materias que quedan excluídas da obrigatoriedade da negociación. Entre estas últimas están: “*Las decisiones de las Administraciones Públicas que afecten a sus potestades de organización*”. Aclarando que “*Cuando las consecuencias de las decisiones de las Administraciones Públicas que afecten a sus potestades de organización tengan repercusión sobre condiciones de trabajo de los funcionarios públicos contempladas en el apartado anterior, procederá la negociación de dichas condiciones con las organizaciones sindicales a que se refiere este Estatuto.*”

Para esclarecer se estes criterios repercuten nas condicións de traballo dos funcionarios públicos, no informe cítase a Sentenza 1277/2011 de 30 de novembro do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na que se desestima o recurso contencioso administrativo interposto por FETE-UGT contra o acordo 11/02/09 do Consello de Goberno da Universidade de A Coruña sobre os criterios para a elaboración da planificación académica anual correspondente ao curso 2009/2010. Os recorrentes alegaban vulneración do dereito á negociación colectiva. A sentenza falla que non se aprecia que exista modificación das condicións de traballo do profesorado da Universidade derivada dos criterios aprobados, pois non afectan á duración da xornada laboral, nin a modifican, tan só afectan á distribución dos períodos lectivos, de titoría e investigación.

Explica a secretaria xeral que esta sentenza é aplicable a este caso, e polo tanto o informe de Asesoría Xurídica indica que corresponde desestimar o recurso no que se refire á impugnación dos Criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso académico 2016/2017, por entender que non é obrigatoria a negociación.

Finaliza a súa exposición a secretaria xeral, indicando que baseándose nese informe, a proposta que aquí se trae é, polo tanto, a inadmisión a trámite do recurso contra a Normativa de Dedicación do Profesorado e a Normativa de recoñecemento de actividades do PDI, por tratarse de disposicións de carácter xeral e non proceder o recurso na vía administrativa, e desestimar o recurso no que se refire á impugnación dos Criterios de elaboración da Programación Docente Anual (PDA) por entender que non é obrigatoria a negociación.

O reitor da paso a unha rolda de intervencións que comeza o profesor González Santamaría. Indica que non desexa abrir un debate xurídico coa secretaria xeral, porque non é a especialidade de ningún dos dous, pero apela á comunidade para que si tomen en consideración o recurso, tendo en conta que non houbo negociación nun aspecto que afecta aos traballadores, xa que en todas as normativas aféctanse ás súas condicións de traballo, a afectar á impartición de docencia. Este recurso baséase nunha petición practicamente unánime das forzas sindicais para que se retiraran estes puntos da orde do día do Consello de Goberno nas que se aprobaron, xa sen entrar a debater o efecto na calidade da docencia que ten a repercusión destas normativas.

O profesor Bienvenido Díez, reitera que ningunha central sindical aceptou que houbera negociación. Lembra a xuntanza mantida co reitor, na que explicaron a súa postura, e que UXT está intentando impugnar as normativas deste ano.

Intervén o reitor para aclarar aos membros do Consello de Goberno que neste punto non se debate acerca das normativas que xa foron debatidas no seu momento. Senón que estamos debatendo sobre o recurso presentado, e aquí presentamos o informe de Asesoría Xurídica no que nos apoiamos. E, segundo ese informe, o reitor considera que non temos a seguridade xurídica de que se deba considerar o recurso no 1º punto, porque debe inadmitirse a trámite dende o punto de vista xurídico. Non se está entrando a debater o seu contido, senón que estamos decidindo se se admite a trámite este recurso. Estamos falando de normativas que non están sometidas ao dereito administrativo. E no segundo punto estamos falando de sinonimizar negociación con acordo. Non estamos discutindo se podemos ter máis negociación, mellor negociación ou evitar os malentendidos que se tiveron nese proceso. Solucionar eses aspectos son un compromiso. Agora estamos tratando de resolver un recurso, non das leccións que temos que aprender de como se negociaron esas normativas. Por iso a posición deste equipo de goberno, reitera o reitor, é o que recolle o informe de Asesoría Xurídica. Pregunta se alguén quere votar ou expresar o seu voto.

O profesor González Santamaría expresa o seu voto a favor de tomar en consideración o recurso presentado e, polo tanto, en contra da proposta presentada. O reitor indica que quedará reflectido na acta. Non se presentan máis votos particulares, polo que se aproba a proposta por asentimento, cun voto en contra.

Punto 10. Aprobación, se procede, da concesión dos premios extraordinarios de fin de carreira nas titulacións de Enxeñeiro Técnico Industrial en Electrónica Industrial, Enxeñeiro Técnico Industrial en Electricidade e Enxeñeiro Técnico Industrial en Mecánica ao estudante D. José Luís Martínez Pérez.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen realiza un resumo dos antecedentes deste caso. Explica que a disposición transitoria cuarta dos Estatutos da Universidade dispón que o Consello de Goberno, a proposta dos centros, poderá outorgar anualmente premios extraordinarios de diplomatura, arquitectura técnica e enxeñaría técnica e premios extraordinarios de licenciatura, arquitectura e enxeñaría. O día 18 de setembro de 2015 a Secretaría Xeral solicitou a todos os centros as súas propostas, elaboradas en base ás resolucións dos tribunais que valoraron os expedientes dos estudantes que finalizaron os estudos no curso 2014/2015. A Escola de Enxeñaría Industrial non propuxo a ningún estudante para o premio extraordinario en varias das súas titulacións, entre elas as de Enxeñeiro Técnico Industrial en Electrónica Industrial, Enxeñeiro Técnico Industrial en Electricidade e Enxeñeiro Técnico Industrial en Mecánica.

Na sesión extraordinaria do Consello de Goberno de data 18 de xaneiro de 2016 aprobouse a concesión dos premios extraordinarios de fin de carreira, grao e doutoramento aos alumnos propostos polos centros. Lembra a secretaria xeral que os premios que foron entregados, no acto Académico celebrado o día de Sto Tomé de Aquino.

Continúa expoñendo que o día 4 de febreiro de 2016 D. José Luís Martínez Pérez presentou unha reclamación na que solicita se lle concedan os premios extraordinarios de fin de carreira correspondentes ao curso académico 2014/2015 nas titulacións de Enxeñeiro Técnico Industrial en Electrónica Industrial, Enxeñeiro Técnico Industrial en Electricidade e Enxeñeiro Técnico Industrial en Mecánica. En dita reclamación alega que cumpre con todos os requisitos establecidos no *Regulamento dos Premios Extraordinarios Fin de Carreira*, aprobado nas xuntas de goberno celebradas os días 8 de novembro de 1999 e 10 de febreiro de 2000.

Diante desta reclamación, a Secretaría Xeral solicitou un informe á Escola de Enxeñaría Industrial coa finalidade de que emitisen un informe aclaratorio. En dito informe o Director da Escola de Enxeñaría Industrial comunica que con data 17/03/2016, e unha vez constatado que o

alumno José Luís Martínez Pérez cumpría cos requisitos para optar ao Premio Extraordinario Fin de Carreira, o Tribunal para a concesión dos mesmos avaliou a certificación académica do alumno e acordou 1) Non propoñer ao alumno para a concesión do premio extraordinario da titulación de Enxeñeiro Técnico Industrial en Electrónica Industrial xa que comezou a cursar a titulación no curso académico 2000/2001 e finalizou no curso académico 2014/2015. 2) Non propoñer ao alumno para a concesión do premio extraordinario da titulación de Enxeñeiro Técnico Industrial en Electricidade xa que o alumno comezou a cursar a titulación no curso académico 2007/2008 e finalizou no curso académico 2014/2015 e o 60% dos créditos foran obtidos por validación. 3) Non propoñer ao alumno para a concesión do premio extraordinario da titulación de Enxeñeiro Técnico Industrial en Mecánica xa que o alumno comezou a cursar a titulación no curso académico 2007/2008 e finalizou no curso académico 2014/2015 e o 50% dos créditos foran obtidos por validación.

A secretaria xeral lembra os criterios que recolle o Regulamento dos Premios Extraordinarios Fin de Carreira para poder optar ao Premio extraordinario: 1) Ter cursado na Universidade de Vigo, polo menos o 75% dos créditos ou materias da titulación. 2) Acadar unha puntuación media no seu expediente académico igual ou superior a 2 puntos nas titulacións técnicas.

Explica que, estes son os requisitos que establece o noso regulamento, e que este alumno cumpre en todas as titulacións. Considera que é lóxico que nas comisións ou tribunais poidan xurdir dúbidas en canto a aplicación destes criterios a un alumno particular, pero a normativa non pode ser modificada sobre a marcha, xa que produce indefensión ás persoas que concorren a un premio ou unha praza. Cando os tribunais detecten que deben ser modificados os criterios, deberán solicitálos e será considerado, e de ser aprobado, se cambiarán. Pero os criterios de valoración, sempre deben ser coñecidos de antemán polos candidatos e deben estar aprobados no órgano competente.

Para finalizar, dado que o estudante cumpre os requisitos establecidos no regulamento dos Premios Extraordinarios Fin de Carreira, propónse que se lle concedan correspondentes ás titulacións de Enxeñeiro Técnico Industrial en Electrónica Industrial, Enxeñeiro Técnico Industrial en Electricidade e Enxeñeiro Técnico Industrial en Mecánica.

Intervén o profesor Pérez Cota, que solicita que, a pesar dos erros cometidos, se teña en conta a opinión da Escola de Enxeñaría Industrial, xa que segundo eles hai criterios obxectivos que limitan a concesión dun premio como este.

Responde o reitor que a EEI que se debe ser dilixente na lectura das normativas, en coñecer o marxe de aplicación ou a súa interpretación. E debe expresar os desexos e as consideracións de como debe ser a praxis académica de ditas normas no seu centro, e non pensar que se está á marxe das mesmas. Considera o reitor que é necesario facer esta recomendación, porque está a suceder reiteradamente, e tende a verse as decisións ligadas as normativas como unha responsabilidade exterior a esa falta de dilixencia de saber o marco regulador no que nos movemos.

Continúa o reitor dicindo que entendendo as consideracións que se fan, e que deberían alimentar un debate en canto a aplicación das normas nestes casos que, a todas luces, son extraordinarios. Polo tanto, prosegue, tomamos nota para propoñer unha reforma do regulamento, pero non se pode aceptar a súa proposta.

O profesor Pérez Cota dará traslado da suxestión ao centro. E desexa facer constar o seu voto en contra da proposta, en consideración da postura mantida pola EEI.

Intervén o representante de alumnos Luis González para expoñer que pode parecer razoable que se modifique a normativa no relativo á valoración dos créditos obtidos por compensación, pero

non así no relativo á duración dos estudos, que un aspecto irrelevante, xa que o estudante pode ser excelente igual aínda que tarde máis tempo en completar a súa carreira.

Responde o reitor que en todo caso ese debate debe producirse no marco dunha revisión normativa, na que se considerarán as condicións de contorno que parezan máis acaídas. Pero esta non é a situación, mentres non se cambien, os tribunais teñen que cumprir as normativas aínda que non gusten, especialmente en casos como este, nos que temos capacidade de negociación e modificación.

Apróbase a concesión dos premios extraordinarios Fin de Carreira 2014/2015 a D. José Luís Martínez Pérez, por asentimento, co voto particular en contra do profesor Pérez Cota.

Punto 11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Fundación Centro de Innovación Aeroespacial de Galicia (CINAE) – Acordo marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Escola Superior de Enfermería de Santa María (Porto - Portugal) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Politécnica de Juventino Rosas (México) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Faculdade da Serra Gaúcha* (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Faculdade da Serra Gaúcha* (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional de San Luis* (Arxentina) – Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para levar a cabo, conxuntamente, a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do programa de doutoramento Protección do Patrimonio Cultural.

Apróbanse por asentimento.

Punto 12. Rogos e preguntas.

Toma a palabra o representante sindical Sr. Federico Fernández, quen reitera o tema que xa presentou en anteriores Consello de Goberno, en relación co aboamento das pagas extras. Indica que no día de onte recibiu a sentenza do Tribunal Supremo ratificando á do TSXG en relación coas pagas extras. Xa que a Universidade xa é coñecedora da mesma, solicita que inicie as negociacións coa Xunta para poder facer efectivos os meses de xaneiro e febreiro de 2013 que son os meses que se consideran consolidados.

O reitor responde que xa se iniciaran as negociacións coa Xunta, de xeito anticipado á sentenza, e cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación para unha explicación máis concreta. Indica o vicerreitor que tamén recibiron onte a sentenza: informa de que o criterio de actuación vai ser o mesmo que no aboamento da extra do 2012. A día de hoxe, a Universidade xa ten aboado en febreiro a devandita paga extra, mentres que nas outras universidades do SUG e mesmo na administración autonómica da Xunta de Galicia aínda están sen pagar. Con respecto desta sentenza, non podemos comprometer o pago inmediato antes de que a Xunta concrete cal vai ser a vía de compensación deses pagos. Afirmo o vicerreitor que en canto se teña o atisbo de que a Xunta asume o compromiso de aboar esa parte da paga extra, que todas as sentenzas están a recoñecer, nese momento procederase a secuenciación dos pagos.

O Sr. Federico Fernández expresa o seu desexo de que sexa así, e lembra a extensión a todos os colectivos do persoal, o que é confirmado polo reitor e o vicerreitor.

Reitera o reitor que, en efecto, así se fará, e insiste en que a Universidade de Vigo xa se adiantara na negociación coa Xunta de Galicia; diante de esta sentenza a Xunta non lle quedará

máis remedio, pero indica que non se vai a esperar a cobrar da Xunta, con que se teña un recoñecemento tácito, se procederá ao abono.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:10 h do día 15 de abril de 2016, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral



Gloria M. Pena Uris